

CUESTIONARIO PREPARACIÓN+REFLEXIÓN “LIBERDADE”:

¿QUE SON LIBERAL OU REPUBLICANA?

1. ¿Que entendes, con carácter xeral, por liberdade?, ¿que significa ser libre?, ¿que características definen a unha persoa libre?
2. ¿Que conceptos consideras que son sinónimos de *liberdade*? Por contra, ¿que termos serían os antónimos da noción de liberdade? Explica un dos conceptos sinónimos e un dos conceptos antónimos, argumentando porqué se identifican e se opoñen, respectivamente, á liberdade.
3. ¿Que sería, en sentido máis específico, a liberdade individual?, ¿que se entendería por liberdade colectiva?, ¿resultan compatibles a liberdade individual e a liberdade colectiva?, ¿é posible ser libre no plano individual sen a existencia de liberdades colectivas?
4. ¿Resulta posible estar suxeito a normas e seguir sendo libre?, ¿a liberdade é compatible coa obediencia á lei?, ¿en caso afirmativo, con que tipo de leis?, ¿que réximes políticos son incompatíbeis coa liberdade?, ¿que outros sí o son?